

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 30 de setembro de 2025 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), convocadas pola Orde do 12 de decembro de 2024 (código de procedemento PE201B).

BDNS (Identif.): 805153.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/805153>

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas que sexan pemes do sector de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura.

Segundo. *Finalidade*

A finalidade desta orde é ampliar o crédito para contribuír ao financiamento dos investimentos destinados a pemes de transformación de produtos da pesca e da acuicultura.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 12 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2025.



Cuarto. *Importe*

Amplíase o importe da contía máxima das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2024 (DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2025) para o exercicio orzamentario 2025, na cantidade de 5.059.703,26 euros, con cargo á aplicación 16.02.723B.770.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2025: 4.288.662,02 euros.

Anualidade 2026: 771.041,24 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida Orde do 12 de decembro de 2024 para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: bhbtqp3-kod3-ido8-dvh6-ndeo58qa0ma9

